



UNHA RA
1660-1665. 45x40cm, óleo sobre tea

UNHA RA

É unha ra con veo ou con pendente?

Por que habería de ser unha ra con pendente, se non ten orellas? Para responder a estas cuestións filosóficas, un debe familiarizarse con cenos aspectos da vida e das artes nos Países Baixos, na segunda metade do século XVII (1660-1665). ¿Estaba o pintor obsesionado con pendentes e perlas, ou eran unha necesidade para a luz nos puntos escuros dos retratos?

Vestía os seus modelos con traxes e representábaos nas máis provocativas posturas.

Esta ra, cos ollas lixeiramente separados e un misterioso sorriso, aínda hoxe chama a atención coa súa persoal graza.

A OVELLA

Coñecido como *A ovella con turbante azul* ou *A ovella da perla*, este cadro é unha obra mestra entre os retratos do século XVII. Extremadamente moderno para a época, enmarcado ao xeito da fotografía contemporánea, mostra unha fermosa ovella con turbante azul, caracterizada polo seu apracibel ollar. Como a peza tivo un éxito inmediato, a ovella decidiu permanecer no anonimato para salvagardar a súa intimidade. Aínda hoxe as xentes do país usan a expresión: *mirar coma a ovella da perla*.

A OVELLA
1660-1665. 46,5x40cm, Meo sobre tea

